

## PREGUNTA DE AER SOBRE A AXENDA DO ALCALDE.

PLENO 27 OUTUBRO 2016. ACTA 0018/2016

Dende hai uns meses, no concello de Redondela contamos por fin cun portal de transparencia. Aínda que se atope nun estado moi embrionario e cun amplo horizonte de mellora, dende a Agrupación de Electores celebramos que o goberno local caese en conta e puxera en marcha esta ferramenta, aínda que fose tarde, arrastras e por imperativo legal.

Un dos apartados que contempla o portal de transparencia é a “Axenda do Alcalde”, unha demanda de anos de AER que por fin comezou a funcionar o 13 de xuño de 2016 e que desexamos que en breve abarque a tódolos membros do goberno local.

Esta axenda amosa teoricamente toda a actividade institucional do alcalde de Redondela, pero unha vez examinada con calma, obsérvanse as seguintes circunstancias:

- Os luns, mércores e xoves concéntranse os despachos e reunións cos diferentes concelleiros de goberno e polo tanto, o groso da actividade do alcalde de Redondela.

- Os martes e os venres a actividade do alcalde é puntual e mínima. Así, por exemplo, no mes de setembro houbo martes e venres con soamente unha reunión por día e noutros días, o venres día 2 e o venres día 16, o alcalde non tivo ningunha actividade tal e como se indica na axenda oficial colgada no portal de transparencia.

- Obsérvanse xuntanzas recollidas na axenda ao que o alcalde non asistiu nin lle correspondía asistir por xa existir un concelleiro delegado para realizar tal labor. A modo de exemplo, ao consello forestal do 14 de setembro o alcalde non asistiu, pero si que aparece como actividade institucional do alcalde na súa axenda.

- Recóllense na axenda actividades que non teñen que ver coa labor propia dun representante público e si coa actividade privada deste. A modo de exemplo indicar a asistencia a varios eventos de carácter relixioso tales como: San Bernardo de Cedeira o día 20 de agosto ás 12:30h, Procesión festa do Carme en Chapela o 31 de xullo ás 12h, Misa do Carme na praia de Cesantes o 23 e 24 de xullo ás 12:00h, procesión das festas do Carme de Soutoxuste o 17 de xullo ás 12:00h.

Polo exposto anteriormente e en virtude das dúbidas que nos xorden, desexamos realizar as seguintes preguntas para que o alcalde nos proporcione as oportunas explicacións e así poder transmitirlo á veciñanza de Redondela do xeito máis argumentado posible:

**1) Cal é a razón da baixa ou nula actividade do alcalde os martes e os venres, tal como se reflicte na axenda publicada no portal de transparencia?**

**2) Cal é a xustificación de computar na axenda pública do alcalde como horas institucionais o tempo dedicado a actividades de índole privado, como a asistencia a procesións e actos propios do ámbito das crenzas relixiosas persoais?**

**3) A que se debe que se recolla na axenda do alcalde como actividades ás que vai asistir el, reunións ou eventos aos que realmente lle corresponde asistir ao respectivo concelleiro sectorial?**

*O Alcalde sinala que deuse conta de que na Axenda non se reflicten moitas das actividades que leva a cabo. É por isto que vaina a revisar porque considera que é un ferramenta que está en desenrolo. Recoñece que cousas non están aí e que pode haber algún erro.*